



CONCELLO DE
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMGX118P	CON/50/2012	24-07-13 13:11

Sello o Certificación Mecánica

Número 27 .- Deserción da licitación das Obras de construción dun Centro Cívico no Romáño-Vista Alegre, incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013.

Destinatario

15078DCMGX118Pp



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 24 de xullo de 2013, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 27 .- DESERCIÓN DA LICITACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO CÍVICO NO ROMAÑO-VISTA ALEGRE, INCLUIDAS NO PROGRAMA URBANA SANTIAGO NORTE, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA CON CARGO AO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), DENTRO DO EIXO NÚMERO 5 (DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE LOCAL E URBANO) DO PROGRAMA OPERATIVO DO FEDER EN GALICIA PARA O PERIODO 2007-2013.

Consonte coa proposta da concelleira delegada de Obras e Infraestruturas, e á vista do informe conxunto emitido polo director da Asesoría Xurídica municipal e polo Interventor municipal, de data 5.7.2013, no que deixan constancia dunha serie de infraccións non subsanables detectadas na preparación do contrato de "**Obras de construción dun Centro Cívico no Romáño-Vista Alegre, incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013**", que se concretan na omisión, no prego de cláusulas administrativas particulares, da especificación do contido destes relativo á distribución por anualidades do presuposto base de licitación establecido pola administración municipal, do requisito de certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, do informe de fiscalización a emitir

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMGX118P	CON/50/2012	24-07-13 13:11

pola intervención municipal e da necesidade de aprobación de gasto, e de conformidade co criterio adoptado unánimemente polos membros da correspondente mesa de contratación, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda:

PRIMEIRO: Deixar deserta a licitación de referencia, á vista da insubsanabilidade das infraccións producidas na preparación do contrato.

SEGUNDO: Proceder, previa a resolución correspondente da concelleira delegada de Facenda, ao reintegro, á mercantil EXTRACO, SA, das cantidades satisfeitas pola citada empresa en concepto de fianza, taxas e timbres municipais.

Así mesmo, de conformidade co informe citado do director da Asesoría Xurídica e do Interventor xeral municipal, acórdase:

1. Compensar aos licitadores que acudiron ao procedemento polos gastos en que tiveran incorrido, na forma prevista no anuncio ou no Prego, ou de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade da Administración, que ao non se establecer previsión ao respecto nin no anuncio nin no Prego deberá estar a estes últimos.
2. Poñer en coñecemento dos licitadores que presentasen ofertas o acordo de desistimento, procedéndose a súa publicación no perfil do contratante.
3. Tramitar un novo expediente de contratación, se é o caso, corrixindo os erros postos de manifesto.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA
CIDADE DE SANTIAGO E COMPOSTELA**

Asdo:Francisco Javier Noya Iglesias